

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria da Comunidade de Galicia

Artigo 5. A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas.

ANEXO II. CURRÍCULO DAS MATERIAS DESTA ETAPA EDUCATIVA

CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

(...)A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

TERCEIRO CURSO

Bloque 3. Organización política e espazo xeográfico.

* A organización política das sociedades. Diferentes tipos de réximes políticos. Identificación dos principios e institucións dos réximes democráticos e as dificultades da súa implantación en Latinoamérica, Asia e África.

* O proceso de configuración territorial de Estado español. A organización política e administrativa de España. Diversidade xeográfica e desequilibrios rexionais.

* A realidade territorial de Galicia. Aldeas, parroquias, vilas e áreas urbanas. Comarcas e parroquias. Os desequilibrios espaciais.

* O espazo xeográfico europeo. Organización política e administrativa da Unión Europea. Funcionamento das institucións. A condición periférica de Galicia e repercusión das políticas europeas. A eurorrexión atlántica Galicia-Norte de Portugal.

* Localización e caracterización dos grandes ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais do mundo.

Bloque 4. Transformacións e desequilibrios no mundo actual.

* Interdependencia e globalización. Movementos antiglobalización.

* Desenvolvemento humano desigual: indicadores e evolución recente. Actitude crítica cos desequilibrios no desenvolvemento. Políticas e organismos de cooperación.

* Tendencias, causas e consecuencias dos grandes desprazamentos de poboación no mundo actual. Análise da situación en Galicia, en España e en Europa.